

MISA CON NENOS

10 de decembro 2017 - 2º ADVENTOº-B

Evanxeo de Marcos 1,1-8: "Xoán predica a conversión".

Mensaxe: Preparade o camiño... LIMPA, CAMBIA!



Quita as pedras: CAMBIA, COMPARTE.

1. A COLLIDA

Irmáns e irmás:

Sede benvidos, irmás e irmáns a celebrar a Eucaristía neste segundo domingo de Advento. No noso camiño cara ao Nadal, hoxe toma protagonismo o personaxe de Xoán Bautista. El invitaba á conversión, a preparar o camiño ao Señor. Xoán bautizaba no Xordán a aqueles que aceptaban o reto dun cambio de corazón para prepararse a recibir a Xesús. Acollamos tamén nós esa invitación de Xoán o Bautista a preparar o camiño, cambiar, limpar o que hai de malo na nosa vida.

Saúdo do Sacerdote: *A graza, a paz e o amor do noso Señor Xesucristo, a quen esperamos, sexa convosco...*

(Poderíase colocar un neno vestido de Xoán Bautista -barba, vara e pel de coiro- e cunha pancarta: "Preparade o camiño", cambiade"! Tamén poderíamos poñer o compás co segundo pergamiño de Fano).

2. A COROA DE ADVENTO: Vela 2

(O sacerdote pode comezar preguntando aos pícaros se colocaron na casa a coroa de Advento, se acenderon a primeira vela, a da vixilancia-oración, e se rezaron xuntos na casa).



Monitor: Xoán Bautista e o profeta Isaías invítannos a preparar o camiño ao Señor que vai vir. Chegará a nós se nos esforzamos por renovar os seus camiños, por renovar os nosos corazóns. É dicir, se NOS CONVERTEMOS. Acendamos pois a vela da oración e a da CONVERSIÓN.

(Acéndese o cirio 2º mentres se di esta oración).


Sacerdote: *Señor Xesús, hai xa dous milenios que viñeches entre nós. Pero sabes que no mundo e en nós aínda non todo é belo nin bo: seguen os odios, os egoísmos. Por iso temos necesidade de Ti. Axúdanos a prepararche o camiño renovando a nosa vida. Abre o noso corazón ao amor, á paz e á fe. Ven, Señor Xesús!*

Todos: Ven, Señor Xesús!

3. PERDÓN

(Sacerdote): *Recoñecemos humildemente os nosos pecados.*

- **(Posible... pai-nai)** -Ti que vés salvarnos, pero nós temos outros intereses. *Señor, ten piedade de nós.*
- **(Posible... catequista)** Ti que queres que achancemos os carreiros do rancor, da falta de fe e do consumismo. *Cristo, ten piedade de nós.*
- **(Posible... neno-nena)** Ti que queres que nos esforcemos en renovar o noso corazón. *Señor, ten piedade de nós*



4. PALABRA DE DIOS

INTRODUCCIÓN

Imos escoitar a Palavra de Deus. O profeta Isaías, profeta do consolo e da esperanza, proclama:

Preparade un camiño ao Señor, que o torto se endereite e o escabroso se achance... porque o Señor vai chegar. No Evanxeo Xoán anuncia: Detrás de min vén o que pode máis ca min. Preparade o camiño ao Señor. E san Pedro na súa carta anímanos a esperar en paz con Deus cunha vida impecable.

LECTURAS

- **ISAÍAS 40, 1-5. 9-11: Preparádelle un camiño ao Señor.**

«**Consolade, consolade o meu pobo** -di o voso Deus-; falade ao corazón de Xerusalén, gritádelle, que se cumpriu o seu servizo e está pagado o seu crime, pois da man do Señor recibiu dobre paga polos seus pecados».

Unha voz grita: «No deserto preparádelle un camiño ao Señor; achanzádelle na estepa unha calzada para o noso Deus; que os vales se levanten, que montes e outeiros se abaixen, que o torto se endereite e o escabroso se iguale. Revelarase a gloria do Señor, e verana todos xuntos -falou a boca do Señor-».

Súbete a un monte elevado, heraldo de Sión; alza forte a voz, heraldo de Xerusalén; álzaa, non temas, dei ás cidades de Xudá: «Aquí está o voso Deus. Mirade, **o Señor Deus chega con poder** e co seu brazo manda. Mirade, vén con el o seu salario e o seu recompensa precédeo. Como un pastor que apacenta o rabaño, reúne co seu brazo os cordeiros e lévaos sobre o peito; coida el mesmo as ovellas que crían». Palabra do Señor.

- **SALMO 84: R/.** Amósanos, Señor, a túa misericordia e dános a túa salvación.
- **2 Pedro 3, 8-14:** *Esperamos uns ceos novos e unha terra nova.*
- **SAN MARCOS 1, 1-8:** *Endereitade os vieiros do Señor.*

Narrador: Comeza o Evanxeo de Xesucristo, Fillo de Deus. Como está escrito no profeta Isaías:

Isaías: -«*Eu envío o meu mensaxeiro diante de ti, o cal preparará o teu camiño; voz do que grita no deserto: “Preparade o camiño do Señor, endereitase os seus vieiros”*».

Narrador: Presentouse Xoán no deserto bautizando e predicando un bautismo de conversión para o perdón dos pecados. Acudía a el toda a rexión de Xudea e toda a xente de Xerusalén. El bautizábaos no río Xordán e confesaban os seus pecados. Xoán ía vestido de pel de camelo, cunha correa de coiro á cintura e alimentábase de saltóns e mel silvestre. E proclamaba:

Xoán Bautista: - «**Detrás miña está a chegar** o que é máis forte ca min e non merezo agacharme para desatarlle a correa das súas sandalias. Eu bautízovos con auga, **pero el havos bautizar con Espírito Santo**». Palabra do Señor.

5. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote): Ao comezar este tempo de Advento, unímonos en oración ante Ti, Señor, para orarte.

-Ven a renovarnos, Señor.

1. Queremos que o papa e os bispos nos traian sempre noticias alegres, esperanzadoras. **Oremos.**
2. Queremos acollerte na Palabra de Deus, na eucaristía de cada domingo. **Oremos.**
3. Queremos estar vixiantes e en oración persoal e comunitaria. **Oremos.**
4. Queremos verte e servirte nos máis necesitados. **Oremos.**
5. Queremos converternos, cambiar e renovar a nosa vida. **Oremos.**
6. Queremos limpar o noso corazón, deixarte nacer nel. **Oremos.**
7. Queremos que as nosas palabras sexan de consolo, de misericordia e tenrura cara a todos. **Oremos.**
8. Queremos parecernos a María, a ditosa por crer, a mensaxeira de Deus. **Oremos.**

6. PRESENTACIÓN DE OFRENDAS (POSIBILIDADES)

-UN TRIÁNGULO DE OBRAS (*sina de estradas*):

Estamos en Advento, vén Xesús. Non queremos quedar como estabamos. Con este sinal pedimos ao Señor que nos axude a poñernos ao traballo, a converternos, a endereitar os camiños de encontro con el, a deixarlle entrar na nosa vida.

-UNHAS PEDRAS E UNHAS FLORES:



Ao ofrecer estas flores e estas pedras, queremos ofrecer a Xesús o noso desexo de cambiar as pedras que representan as cousas negativas (egoísmo, mentira, preguiza, enfados, caprichos, ingratidade...) por flores que representan as positivas (amor, verdade, paz, xenerosidade, ledicia, perdón, amizade, traballo, sinxeleza...).

- PAN E VIÑO:

Ofrecémosche Señor, este pan e este viño que se converterán no teu Corpo e no teu Sangue para que poidamos recibirte no noso corazón ben preparados, ben dispostos.

7. SUXESTIÓNS

-- Acendemos na casa a 2ª vela de Advento (a vela da limpeza, do cambio) e rezamos esta oración:

Señor Xesús: hai xa dous milenios que viñeches entre nós. Pero sabes que no mundo e en nós aínda non todo é belo nin bo. Seguen os odios, os egoísmos. Por iso temos necesidade de Ti. Axúdanos a prepararche o camiño renovando a nosa vida. Abre o noso corazón ao amor, á paz e á fe. Ven, Señor Xesús!

-Facemos un cartel con forma de corazón e primeiro os nenos cunha pedra de papel cada un vaina pegando no corazón. As pedras representan as nosas cousas negativas. Logo van substituíndo cada pedra por unha flor que levará cada neno. As flores representan o positivo.

-Se fixemos o compás-estrela de Fano engadímoslle a 2ª ronsel con chinchetas e a veliña do 2º domingo. Ao compás poñémoslle unha frecha móbil e neste domingo dirixímola ao sur, onde hai tanta pobreza? E xuntos facemos o compromiso de servir e de preparar algún xesto de compartir neste Nadal.

María Inmaculada, Señora do SI.

María, Nai, Muller forte e boa.

Ti inspírasme confianza.

Gústame moitas cousas de Ti.

Gústame a túa valentía para dicir si, sen condicións...

E a túa humildade, pobreza e sinxeleza.

Ti só apareces para axudar e servir,

para cumprir a túa misión de nai.

Ti criches e fiácheste de Deus.

Axúdame a ter unha alma grande na que caiban todos.

Quero ter sempre o corazón limpo no que no agrome senón o ben.

Quero ser forte na dificultade.

Axúdame a dicir si, coma Ti, María.



POSIBLE ACCIÓN DE GRAZAS

Quero, Señor, cambiar

Señor, estamos no novo tempo de Advento, un tempo para buscar a estrela que oriente a miña vida, Xesús.

Xoán Bautista desde o deserto déixanos unha mensaxe clara: Preparádelle o camiño ao Señor! Convertédevos!

Axúdanos Señor a cambiar, son moitas as pedras do egoísmo e da apatía que nos afastan de ti.

Necesitamos descubrir que hai pecado na nosa vida.

Necesitamos descubrir que moitos dos nosos criterios e actitudes non se parecen para nada aos teus.

Necesitamos descubrir que a nosa mentalidade, intereses e preocupacións, só crean pasos elevados e curvas que nos afastan cada día máis de ti.

Ensínanos a servir, a compartir, a darnos.

Ven Señor Xesús, cambia a nosa vida,
renova os nosos corazóns.

RED CATEQUISTAS DE GALICIA